



## DECRETO.

O 4 de Marzo de 2022 ditouse o Decreto nº 224/2022 polo que se pon a disposición das persoas promotoras dos proxectos de casas de maiores no Concello de Coristanco o local social de Agualada (antiga escola unitaria).

Detectado un erro na transcripción do documento, e de conformidade co establecido no artigo 190.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, **RESOLVO:**

**Primeiro.-** Proceder á rectificación do erro material quedando o decreto como segue:

“O Concello de Coristanco está interesado en colaborar no fomento da autonomía persoal das persoas maiores.

O 11.02.2022 publicouse a Orde da Consellería de Política Social do 26 de xaneiro do 2022 pola que se aproban as bases que rexerán o procedemento de concesión de axudas para a posta en marcha de casas do maior, e se procede a súa convocatoria en réxime de concorrencia competitiva.

O Concello é propietario do local social de Agualada (antiga Escola unitaria) apto para o desenvolvemento dos proxectos subvencionados.

Aproveitando a dispoñibilidade deste espazo e a gratuidade do servizo que se financia integramente pola Xunta, esta alcaldía considera a casa do maior unha vía axeitada para dar un servizo necesario, demandado, a custe cero e que permitirá darlle utilidade social a un ben municipal.

Por este motivo, en uso das atribucións que me confire a DA 2ª da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, e ao abeiro da convocatoria feita mediante Orde da Consellería de Política Social do 26 de xaneiro de 2022 pola que se aproban as bases que rexerán o procedemento de concesión de axudas para a posta en marcha de casas do maior

## RESOLVO:

**PRIMEIRO.-** Poñer a disposición das persoas promotoras de proxectos de casa de maior no Concello de Coristanco, o local social de Agualada (antiga escola unitaria), aos efectos presentación das correspondentes solicitudes de participación na convocatoria de axudas para a posta en marcha de casa do maior feita por Orde da Consellería de Política Social do 26 de xaneiro de 2022.

**SEGUNDO.-** Aprobar as condicións para a efectiva autorización de ocupación dos inmobles:



- a) Resultará/n adxudicataria/s da autorización de ocupación temporal do inmovible a/s persoa/s promotora/s que resulte/n adxudicataria/s das subvencións para a posta en marcha da casa do maior no Concello de Coristanco como consecuencia da resolución que dite a Consellería de Política Social ao abeiro da Orde do 26 de xaneiro de 2022. No caso de resultar adxudicataria da subvención máis de unha persoa promotora, a asignación do local farase por sorteo ou, de selo, acordo entre as adxudicatarias.
- b) A autorización para a ocupación temporal do inmovible realízase para a finalidade para a que se concede a subvención, de xeito que a perda da mesma ou a sanción derivada do incumprimento das obrigas impostas pola Orde do 26 de xaneiro de 2022 determinará a revogación da autorización temporal para a ocupación do inmovible.
- c) Antes da súa formalización a a/s persoa/s promotora/s deberá acreditar atoparse ao corrente das obrigas coa Facenda local, a AEAT e a Seguridade Social.
- d) A/s persoa/s promotora/sa será responsable da actividade desenvolta para o que deberá contar coas autorizacións sectoriais pertinentes e máis cos seguros de responsabilidade civil que procedan. En consecuencia, o Concello non asumirá os gastos derivados de danos a persoas ou bens derivados da realización da actividade.
- e) A persoa a/s persoa/s promotora/sa comprométese a realizar as obras necesarias para adaptación dos inmoibles cedidos conforme os requirimentos establecidos na orde da convocatoria.
- f) Así mesmo, a persoa a/s persoa/s promotora/sa comprométese a dotar de mobiliario as instalacións nos termos indicados na Orde que rexe a convocatoria das achegas.
- g) A duración máxima da autorización de ocupación dos inmoibles será de 5 anos coincidindo o seu inicio coa posta en marcha da Casa de Maiores unha vez conte coa autorización definitiva por parte da Xunta .
- h) Ao remate da autorización de ocupación dos inmoibles os bens mobles adscritos a Casa pasarán a ser propiedade do Concello, así como as obras nel feitas. A tal fin levantarase un acta ao inicio e finalización da actividade para verificar cales son. Como mínimo, os bens e, de selo caso, as obras a entregar coincidirán cos que sexan obxecto de xustificación como gastos subvencionables a Xunta.
- i) O Concello resérvase o dereito de facer enquisas de satisfacción dos usuarios do servizo ou supervisar a correcta execución da memoria de actividades proposta para a concesión da subvención, deixando a salvo as competencias e responsabilidades da Xunta en relación coa dita instalación.
- j) En todo o non previsto neste decreto serán de aplicación as previsións contidas na Orde do 26 de xaneiro de 2022 pola que se regulan as bases que rexerán o procedemento de concesión de axudas para a posta en marcha de casas do maior, e se procede á súa convocatoria en réxime de concorrencia competitiva para o ano 2022 (código de procedemento BS212A e BS212B), e con carácter subsidiario, a lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público.

**TERCEIRO.-** Dar publicidade a este Decreto no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios municipal para garantir a libre concorrencia. Así mesmo, dar publicidade no taboleiro de anuncios municipal.



**CONCELLO DE  
CORISTANCO**

Avda. Finisterre, 112 - SAN ROQUE – TRABA

15147 - CORISTANCO - A Coruña

Tlf. 981 73 30 01 - Fax: 981 73 33 97 - correo@coristanco.gal

www.coristanco.gal

R. E. L. nº 01150294

Casas do maior  
2020/X999/000074

**CUARTO.-** Dar conta ao Pleno da Corporación na vindeira sesión que celebre.”

*DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE*